



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
14 DE OUTUBRO DE 2015

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta anterior.**
- 2.- Orzamentos participativos 2015.**
- 3.- Rogos e preguntas.**

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e dez minutos, do día catorce de outubro de dous mil quince, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Francisco J. Táboas Carrera, representante de AER
- M^a. Magdalena Ramoné Otero, representante das asociacións veciñais
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- Arsenio Martínez Ricón, representante das asociacións culturais
- María del Carmen Iglesias Dos Santos, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais e o seu suplente José Manuel Rivas Iriarte.
- José Ramón Bouzón Loureiro, representante das asociacións culturais
- Mercedes Iglesias Bouzón, representante do colectivo do mar
- Nuria Cristina Rodríguez Fernández, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Jesús Crespo López, asistidos/as de min, Elena Barciela Alonso, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

Incidencias

O Presidente preséntase, explica as funcións do consello e a intención de mellorar o seu funcionamento, poñendo de exemplo a forma de traballar do Consello do Viso.

1.- Aprobación da acta anterior.

Sométese a aprobación a acta da xuntanza de data 29.04.15.

Arsenio Martínez Ricón di que hai cousas recollidas na acta que non se fixéron.

O Presidente explícalle que o consello é consultivo e o tema do sinal se está tramitando.



CONCELLO DE REDONDELA

Apróbase a acta por unanimidade de todos os membros presentes.

2.- Orzamentos participativos 2015.

O Presidente di que este tema levouse ao Pleno e non se aprobou, polo que este ano non se pode levar a cabo. Indica que o Partido Popular votou a favor.

Leonardo Cabaleiro Couñago explica que xa na acta anterior indicaran que se gobernaban os ían facer doutra maneira, non consideran adecuada a distribución lineal dos orzamentos do 1% por iso o PSOE votou en contra.

Luis Antonio Medal Martínez di que ese tema xa se ten falado, os orzamentos participativos son mais ben unha cousa simbólica pola cantidade e porque está limitado en que invertir os cartos. Antes de facer os orzamentos tense que ter en conta o que din os colectivos. O sistema de agora non lle parece moi participativo.

M^a. Magdalena Ramoné Otero di que se está acordando invertir en cousas que non son tan importantes.

O Presidente indica que os orzamentos teñen que invertirse en temas de infraestruturas, obras e similares, e é mellor centrarse nun sitio en concreto, en traballos grandes non varios pequenos.

Luis Antonio Medal Martínez pregunta se houbo algunha alternativa á suspensión.

Leonardo Cabaleiro Couñago explícalle que que non haxa o 1% non implica que non haxa compromiso de invertir nas parroquias. Comenta que tamén votaron en contra porque ás veces son necesarias actuacións interparroquiais. Ademais, indica que o orzamento deste ano está prorrogado.

O Presidente explica que a partida dos orzamentos participativos este ano suprimiuse e pasou a gasto corrente.

Así mesmo, engade que proximamente se celebrará un consello extraordinario para modificar o regulamento, falarase dos orzamentos participativos e intentarase mellorar o funcionamento.

3.- Rogos e preguntas

José Manuel Rivas Iriarte comenta que lle fixeron chegar ao Obradoiro un cartel do transporte para desplazarse ao novo hospital. Solicita que o Concello interceda para ter uns horarios máis accesibles, os que hai parecen escasos.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente explícalle que imaxina que os horarios os puxo a empresa que de momento oferta ese servizo, cando haxa outras empresas haberá máis variedade de horarios. Adaptalos para todos é moi difícil.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que as frecuencias ao novo hospital non son adecuadas. Aparte diso, lle pregunta ao Presidente se sabe se no paseo de Cesantes, dende o Antolín, os terreos están cedidos para poder actuar sobre eles.

M^a. Magdalena Ramoné Otero pregunta sobre as placas que se poñen nas fontes públicas, de apta ou non apta, hai en fontes que se quitaron as placas e non se levou a analizar a auga.

Luis Antonio Medal Martínez indica que poñer o cartel é moi relativo, a análise hoxe pode ser potable e dentro dunha semana non potable.

O Presidente explica que, en relación á fonte da Coviña, a análise dera non apta e outras fontes deran apta. Ademais, indica que hai casos nos que os propios veciños van por detrás e arrancan as placas e a auga das fontes non se pode analizar todas as semanas.

M^a. Magdalena Ramoné Otero di que, polas peticións de varios veciños, colleron unha mostra da auga da fonte do Pazo e a analizaron e non deu apta 100%, realizarán outra analítica nun mes.

Luis Antonio Medal Martínez di que o Consello parroquial podería encargarse desa función, de controlar as análises das augas das fontes.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández pregunta cada canto tempo se analizan.

O Presidente contéstalle que non sabe se cada tres ou seis meses. Para o próximo Consello traerá as últimas análises. E comenta que se pode propoñer dende o Consello que se publiquen na páxina web do Concello.

Jorge Rodríguez Crespo comenta que é boa idea que se publique e ademais que se envíe aos membros do Consello para facer copias e poñelo nos establecementos.

O Presidente di que transmitirá o acordo de poñelo na páxina web.

José Manuel Rivas Iriarte pide que todo o que se faga, se derribe por orde municipal, ou calquera actuación se comunique ao Consello e despois se faga. Refírese concretamente ao do tendido da praia que retiraron. Pide que retiren tamén os ferros na zona da Marina e no Regato que eses si son perigosos e estorban.

O Presidente explícalle que iso foi cousa de Costas, que como estaban no seu terreo no teñen que pedir permiso ao Concello, faláron coa empresa que estaba facendo o muro e os quitaron.



CONCELLO DE REDONDELA

Luis Antonio Medal Martínez di que neste caso obsérvase a descoordinación que hai entre administracións, deberían comunicalo antes de facelo.

O Presidente explica que se están traballando no seu terreo no teñen porqué comunicalo, que nese caso actuaron mal, pero sabían que o podían facer e para próximas actuacións diráxelles que o comuniquen.

Luis Antonio Medal Martínez indica que había un compromiso de informar ao Consello das actuacións que se fagan na parroquia.

O Presidente informa que no barrio do Arxón queren facer un enlace coa saída á estrada nacional. Trátase dunha obra importante, a intención é falar con todos os veciños e se están de acordo, levalo a cabo.

Arsenio Martínez Ricón informa que no camiño de Zacande, dende a curva de Luciano ata o río, meteuse un tubo para levar as augas para que non vaian polo camiño pero faltan as reixas. Ademais, solicita que na fonte do Picho se poña unha villa.

Nuria Cristina Rodríguez Fernández indica que dende a ANPA solicitaron unha mellora na entrada do colexio, para cruzar a estrada pódese propoñer a Fomento poñer un paso de peóns con semáforo, xa que escolares saen a distintos horarios, non só cando vai a policía local.

O Presidente di que xa se pediron a Fomento varios temas como as beirarrúas e cada certo tempo se reiteran as peticións.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que eles teñen pedido nos orzamentos do Estado a instalación de beirarrúas e foron rexeitadas, e neste ano o volveron a pedir. Explica que entraría nun plan de tráfico no que se poñería o tramo de Cesantes como travesía e se reduciría o límite de velocidade por seguridade.

O Presidente indica que todas as medidas de seguridade son boas pero hai que pensalas ben porque poden traer consecuencias, como que deixe de ir a policía local a regular o tráfico.

Francisco J. Táboas Carrera comenta que en Chapela hai paso de peóns e vai igual a policía local.

Leonardo Cabaleiro Couñago rógalle ao Consello que apoiem a proposta do seu partido para os orzamentos do Estado de mellorar a seguridade na zona.

Jorge Rodríguez Crespo transmite o compromiso por parte das asociacións de que cando se celebren os consellos, os rogos serán dous ou tres temas para que non se alarguen. Que comecen ás 20:00 horas e rematen ás 21:30 e se quedan temas por tratar, se fose necesario convocaríase outro consello. Pide que todos poñan da súa parte para mellorar o funcionamento do Consello.



CONCELLO DE REDONDELA

O Presidente engade que sería bo levar temas máis concretos, como por exemplo o alumeado na zona de Soutoxuste.

José Manuel Rivas Iriarte pregunta se puxeron o contenedor das algas.

O Presidente explica que non é competencia do Concello, é a Cofradía a que ten facer a xestión e o Concello pode participar por medio dun convenio ou subvención.

M^a. Magdalena Ramoné Otero comenta que xa no seu día se fixera esa petición e a Consellería lles explicara que hai moitas praias e terían que axudar a todas as cofradías.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e dúas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.